



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

**D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> LORETO LÓPEZ FERNÁNDEZ, SECRETARIA DO CONCELLO DE CAMARIÑAS (A CORUÑA).**

**CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente celebrada o día 7 de xuño de 2017, adoptou o acordo que a continuación se transcribe:**

**2º.- RETROACCIÓN DE ACTUACIÓN NO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “ADECUACIÓN DE PISTA POLIDEPORTIVA. PAVILLÓN MUNICIPAL DE CAMARIÑAS”, INCLUÍDA NO PAI 2016.**

### **EXPTE. CONTRATACIÓN: NÚM. 2017/C003/000001**

O pleno do Concello de Camariñas, en sesión de data 17 de marzo de 2016, acordou participar no Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016, aprobando así mesmo o proxecto de obras denominado “Adecuación de pista polideportiva. Pavillón municipal de Camariñas”.

O devandito acordo así como a restante documentación esixida polas bases reguladoras do Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016 foi remitida ao organismo provincial por medios telemáticos (Plataforma SUBTEL).

Con data 11 de abril do 2016 a Deputación Provincial, á vista do informe emitido pola supervisión técnica do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios, require a este Concello para que, no prazo de 10 días, emende as deficiencias detectadas no proxecto de obras presentado, concretamente as seguintes:

- *“Existen incongruencias entre o que se di no punto “Exixencias básicas do CTE”, na memoria, e os contidos dos anexos de xustificación do cumprimento das ditas esixencias. Así, mentres que no primeiro apartado mencionado se afirma que non son de aplicación ao proxecto os requirimentos relativos a seguridade de uso e accesibilidade (SUA) e seguridade contra incendios (SI) por tratarse de actuacións exclusivamente de adecuación da pista deportiva á normativa vixente, nos apartados 1.5.1 e 3.3, e mesmo na xustificación do cumprimento da lexislación sobre accesibilidade e sobre policía de espectáculos, afirmase que se cumpre cos ditos requirimentos. Outro tanto ocorre coa protección contra incendios. Por outra banda, o citado apartado 3.3 inclúe datos que claramente non se corresponden coa obra a executar.*
- *O plan de control de calidade é xenérico para calquera tipo de obra de edificación, e non específico para a obra á que se refire o proxecto.*
- *O plan de obra, ademais de non estar suficientemente desglosado, carece da preceptiva valoración económica das distintas fases e períodos.*
- *O importe das actuacións descritas no Estudio de Xestión de Residuos (4.500,00 €) non coincide co recollido no presuposto para estas mesmas actuacións (387,00 €).*
- *As descrições das unidades de obra nos documentos económicos do proxecto inclúen marcas e modelos comerciais concretos.*
- *Os documentos xustificativos dos prezos non inclúen as preceptivas listaxes de prezos unitarios e auxiliares, e na listaxe de prezos descompostos non se inclúen os custes indirectos”.*

Á vista do citado requirimento e emendadas polo técnico redactor as deficiencias detectadas no proxecto, en virtude de Decreto da Alcaldía de data 22 de abril de 2016, se aproba o proxecto técnico emendado no que se recollen os cambios requiridos pola Deputación Provincial da Coruña, o citado Decreto da Alcaldía e ratificado polo pleno na sesión de data 27 de maio de 2016.

Con data 24 de febreiro de 2017, en sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local (órgano de contratación) se acorda, é polo que aquí interesa, a aprobación do expediente de contratación e a apertura do procedemento de adxudicación, procedendo, de conformidade co previsto na cláusula 10 do prego de cláusulas quer rexe a contratación,



## CONCELLO DE CAMARIÑAS

### A CORUÑA

á publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no perfil do contratante e nun dos diarios de maior tiraxe na Comunidade Autónoma de Galicia, para que no prazo de vinte e seis días naturais as empresas que estivesen interesadas en participar no procedemento presentasen as súas ofertas.

Así con data 3 de marzo de 2017 publícase o anuncio no diario La Voz de Galicia e con data 6 de marzo no Boletín Oficial da Provincia e no perfil de contrate.

Con ocasión da publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante se inserta o correspondente proxecto de obras, información á que teñen acceso os empresarios.

Así e tras a realización dos sucesivos trámites esixidos pola normativa de contratación, e tras apreciar a mesa de contratación, que as ofertas de tres licitadores son en principio anormais ou desproporcionadas, se solicita, finalizado o prazo outorgado a estas empresas para xustificar as súas ofertas, que a arquitecta municipal emita o preceptivo informe técnico ao respecto.

Neste momento é cando se aprecia/detecta que o proxecto insertado no perfil do contratante é o proxecto inicial, non o proxecto emendado, proxecto este último ao que se refire, como non podía ser doutra forma, o expediente contratación.

Visto pois que a información facilitada non é correcta e que claramente se puideron ver afectadas as ofertas presentadas polos participantes no procedemento e que incluso, ao tratarse dun procedemento aberto, no que podía, pois, participar calquera empresario interesado, puido verse afectado o principio de liberdade de acceso as licitacións.

Considerando ademais que con este erro se viron ou se poden ver afectados outros principios que deben de rexer a contratación administrativa como poden ser a publicidade e a transparencia.

Considerando que a apertura e publicidade do procedemento de adxudicación se axustou a dereito e non adolece de defecto algún (acordo do órgano de contratación e anuncios publicados), pero que é no momento da publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante cando se publica o proxecto erróneo e polo tanto se facilita información incorrecta aos empresarios interesados en participar no procedemento.

É polo que en atención ao exposto a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos membros presentes, en uso das competencias delegadas pola Alcaldía, en materia de contratación administrativa, en virtude de Decreto de data 25 de xuño de 2015,

ACORDA:

**Primeiro:** Retrotraer o procedemento ao momento en que se fai pública a licitación, quedando en consecuencia sen efecto todas as actuacións posteriores, procedéndose á inserción de novos anuncios nun dos diarios de maior tiraxe na Comunidade Autónoma de Galicia, no Boletín Oficial da Provincia e no perfil de contratante (incluíndo o proxecto de obra emendado), para que no prazo de vinte e seis días naturais as empresas que estean interesadas en participar no procedemento presenten as súas ofertas.

**Segundo:** Notificar o presente acordo a todos os licitadores que teñen presentado ofertas no procedemento.

**Terceiro:** Proceder á publicación do presente acordo no perfil do contratante.

**E para que así conste, expido a presente certificación de orde e co visto e prace do sr. Alcalde, a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta correspondente, tal e como indica o artigo 206 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, en Camariñas a 7 de xuño de 2017.**

Vº e Prace,  
O ALCALDE,

A SECRETARIA,

**Asdo.: Manuel Valeriano Alonso de León      Asdo.: M<sup>a</sup> Loreto López Fernández**